

Audiovisións

do 4 ao 16 de marzo de 2008

Programa do ciclo *Cartografías da escoita. Son e lugar*

Pretendendo unha experiencia transensorial – “non se ve o mesmo cando se oe, non se oe o mesmo cando se ve”, dicía M. Chion– o programa *Audiovisións* propón un encontro entre a retina e o tímpano, que se multiplica en doce títulos nos que o son funciona como fío condutor para achegarnos a diferentes formas de escoitar e entender a dimensión acústica da realidade, profundando nos seus aspectos culturais. *Audiovisións* aspira a achegarnos a unha escoita expandida redescubriendo os sons da nosa contorna social e histórica.

Dirección: Colectivo Escoitar.org

Rockers. It's Dangerous

1977, Xamaica / Dirección: Theodoros Bafaloukos / Xénero: documental-ficción / Duración: 100 min. / V.O.S.E.

Sipnose: O músico Leroy *Horsemouth* Wallace interprétase a si mesmo nesta ficción-documental que nos mostra a trama sonora, ideolóxica, social e económica que, na década dos setenta, rodeaba a dinámica produción musical xamaicana.

Theremin: An Electronic Odyssey

1994, Estados Unidos / Dirección: Steven M. Martin / Xénero: documental / Duración: 82 min. / V.O.S.E.

Sipnose: En 1927 o enxeñeiro ruso Leon Theremin chega a Estados Unidos para presentar un instrumento musical que converte en son as oscilacións eléctricas e que se interpreta e modula coa xestualidade. *An Electronic Odyssey* nármanos como este instrumento configurou un *imaxinario* sonoro asociado ao xénero cinematográfico *sci-fi* de mediados do século pasado, influíndo ao mesmo tempo no desenvolvemento da música electrónica.

Modulations: Cinema for the Ear

1998, Estados Unidos / Dirección: Iara Lee / Xénero: documental / Duración: 74 min. / V.O.S.I.

Sipnose: Unha trepidante e enxordecedora revisión dos sons electrónicos que marcaron a música *Techno* do último cuarto do século vinte. *Modulations: Cinema for the Ear* analiza as filosofías que deron lugar a estilos tan diversos coma o *ambient*, o *house*, a cultura DJ, o *drum'n'bass* ou o *acid*, asociados a contextos sociais concretos para adquirir rapidamente unha proxección internacional.

My Cinema for the Ears

2002, Suecia, Finlandia / Dirección: Uli Aumüller / Xénero: documental / Duración: 59 min. / V.O.S.I.

Sipnose: Partindo da idea de montaxe cinematográfica que determinou o paradigma da “música concreta”, este documental é unha reflexión sobre o proceso creativo dos compositores Francis Dhomont e Paul Lansky, que parten dos sons ambientais capturados e reinterpretados.

Kill Your Idols

2004, Estados Unidos / Dirección: Scott Crary / Xénero: documental / Duración: 75 min. / V.O.S.I.

Sipnose: *Kill Your Idols* aborda a escena *non-wave/post-punk* neiorquina de finais dos setenta e principios dos oitenta, marcada polo ruído e a actitude extrema. Este documental profunda na aspiración *punky* de romper a barreira entre artistas e público, desde Sonic Youth a Liars ou aos Yeah, Yeah, Yeahs.

Programa

Auditorio do CGAC ás 20:15 h

Martes, 4 de marzo

Rockers. It's Dangerous

Mércores, 5 de marzo

Theremin: An Electronic Odyssey

Xoves, 6 de marzo

Modulations: Cinema for the Ear

Venres, 7 de marzo

My Cinema for the Ears

Sábado, 8 de marzo

Kill Your Idols

Domingo, 9 de marzo

Touch the Sound

Martes, 11 de marzo

Crossing the Bridge. The Sounds of Istanbul

Mércores, 12 de marzo

Die grosse Stille

Xoves, 13 de marzo

Rize

Venres, 14 de marzo

American Hardcore

Sábado, 15 de marzo

Periféricos

Domingo, 16 de marzo

We Built this City

Touch the Sound

2004, Alemaña, Reino Unido / Dirección: Thomas Riedelsheimer / Xénero: documental / Duración: 99 min. / V.O.S.I.

Sipnose: Desde os doce anos Evelyn Glennie padece unha xordeira que non lle impediu converterse nunha solista de percusión recoñecida mundialmente. En *Touch the Sound* Evelyn Glennie nármanos a súa peculiar relación co son, máis alá do oído, achegándonos á escoita como unha experiencia táctil.

Crossing the Bridge. The Sounds of Istanbul

2005, Turquía / Dirección: Fatih Akin / Xénero: documental / Duración: 90 min. / V.O.S.E.

Sipnose: Un percorrido acústico pola gran metrópole turca, cartografada como un mosaico formado por unha gran diversidade de músicas. Seguindo os pasos do músico Alexander Hacke e o seu método de *gravación rueira*, asistimos a un mundo paradoxal e cargado de vitalidade.

Die grosse Stille

2005, Alemaña / Dirección: Philip Gröning / Xénero: documental / Duración: 164 min. / V.O.S.E.

Sipnose: O mosteiro Grande Chartreuse, situado nos Alpes franceses, abriu por primeira vez as súas portas para mostrar a vida dos monxes cartuxos, rexida pola soidade e o silencio. Marcado por unha pretendida austeridade fílmica, este documental é un exercicio de silencio no que se percibe con claridade o paso do tempo.

Rize

2005, Estados Unidos, Reino Unido / Dirección: David LaChapelle / Xénero: documental / Duración: 86 min. / V.O.S.E

Sipnose: *Rize* narra o xurdimento do *krumping* -baile derivado do *clown-dancing*, do *breakdance* e emparentado coas danzas africanas- nos suburbios de Los Angeles (Estados Unidos). Esta nova disciplina de baile converteuse nun movemento social e alcanzou unha repercusión *mainstream*, aparecendo nos videoclips de diferentes artistas (*Galvanize* de Chemical Brothers, *I'm Really Hot* de Missy Elliot...)

American Hardcore

2006, Estados Unidos / Dirección: Paul Rachman / Xénero: documental / Duración: 100 min. / V.O.S.I.

Sipnose: *American Hardcore* analiza unha serie de circunstancias sociopolíticas que, durante a época Reagan, deron lugar á aparición dun movemento *underground* que entre 1980 e 1986 había de configurar o movemento que hoxe coñecemos como *punk rock/hardcore*.

Periféricos

2006, Galicia / Dirección: Xosé Holgado, Carlos Méndez e Tamara Blanco / Xénero: documental / Duración: 59 min. / Castelán-Galego.

Sipnose: *Periféricos* reúne numerosos documentos (entrevistas, concertos, *performances*...) que establecen o marco no que se desenvolveu a *movida* viguesa, xurdida no medio do optimismo cultural como resposta á necesidade de ir máis alá de todo sen destino fixo. Aquí cóntase a historia dunha efervescencia creativa que marcou os anos oitenta en Galicia.

We Built this City

2006, Alemaña / Dirección: Thomas Kappeller e Sebastian Züger / Xénero: documental / Duración: 160 min. / V.O.S.I.

Sipnose: Durante a década dos noventa, músicos, DJs e discográficas crearon unha escena rica e singular que foi bautizada co nome de "son de Colonia". *We Built This City* preséntanos a historia dun dos fenómenos máis importantes na recente historia da arte con sons.

PROXECTOS EDUCATIVOS
nno-xecto-edición

CGAC

SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS

Rúa Ramón del Valle Inclán s/n,

15704 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 623-31 / Fax: 981 546 605

cgac.actividades@xunta.es

www.cgac.org